

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 12 DE XUÑO DO 2025.**

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: GONZALEZ MARIÑO JORGE Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 13:50 do día Doce de Xuño do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 05/06/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/064

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 05/06/2025. DECRETO: "VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS Á LICITACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DA RÚA CASTELAO"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/067

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 05/06/2025. DECRETO: "EXCLUSIÓN E REQUERIMENTO DE XUSTIFICACIÓN DE OFERTA INCURSA EN PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE NA LICITACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO VILAR-VIXÁN"



4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/092

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/06/2025. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL DE OLEIROS”

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/099

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/06/2025. DECRETO: “APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA DE ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DA RÚA LUÍS SEOANE (AGUIÑO)””

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/100

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/06/2025. DECRETO: “APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA DE ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PRAIA DA RIBEIRA (AGUIÑO)””

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Jasmín González Gutiérrez

Visto o escrito presentado por **Jasmín González Gutiérrez**, de data 05/06/2025 (Registro de entrada nº 13.479), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Bebidas espirituosas - 6,00 m. x 2,00 m.), o día 23/06/2025, polas Festas de Palmeira (San Xoan).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Jasmín González Gutiérrez** para a instalación dun posto de venda ambulante (Bebidas espirituosas - 6,00 m. x 2,00 m.), o día 23/06/2025, polas Festas de Palmeira (San Xoan)
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- A/O solicitante farase responsable da limpeza viaria do seu espazo mentres esté instalado o posto.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



8.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Ofelia Costa Moledo

Visto o escrito presentado por **Ofelia Costa Moledo**, de data 06/06/2025 (Registro de entrada nº 13.571), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Empanadiñas - 1,00 m.), os días 7, 14, 21, 28/06/2025 e 5, 12, 19, 26/07/2025, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira) ao carón do establecemento Xoiería Nespereira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Ofelia Costa Moledo** para a instalación dun posto de venda ambulante (Empanadiñas - 1,00 m.), os días 7, 14, 21, 28/06/2025 e 5, 12, 19, 26/07/2025, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira) ao carón do establecemento Xoiería Nespereira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- A/O solicitante farase responsable da limpeza viaria do seu espazo mentres esté instalado o posto.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6952 25.03.2025 ENCARNACIÓN GONZÁLEZ CASAIS, cambio de tellado, na rúa Carolo, nº 8, Palmeira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12552 30.05.2025 FRANCISCO ALBERTO DE LA IGLESIA MARTÍNEZ, cambio de fiestras, na rúa dos Estudantes, nº 7, Ribeira.

Así mesmo, se lle informa que:

O informe do Arquitecto Municipal, de data 02/06/2025, sinala que:

“As carpinterías deberán manter as características esenciais das actuais, mantendo tipoloxía, material, despece e cor, para manter unha imaxe unitaria á edificación.”



11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

3378 11.02.2025 LUIS MANUEL PÉREZ PAZ, elevación de peche e colocación de gravilla, na rúa Norte, nº 60, Palmeira.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8435 08.04.2025 MARÍA JOSEFA ABRALDES TEIRA, pintar fachada da vivenda e substitución de malla metálica no peche da parcela, na rúa das Américas, nº 25, Aguiño.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

7324 28.03.2025 Mª TERESA CARRILLO DE LA PEÑA, reforma de baño, embaldosado do chan e substitución de fiestra balcaneira no trasteiro anexo, na Avda. da Coruña, 52, 1, 06-A, Ribeira.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11576 20.05.2025 MANUELA MARTÍNEZ PÉREZ, lavar e pintar o tellado, no lugar de Ameixida, nº 50, Castiñeiras.

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12021 26.05.2025 NICOLAS VIDAL PÉREZ, cambio de fiestras, na rúa Cordieiro, nº 27-1º



A, Ribeira.

Así mesmo, se lle informa que:

O informe do Arquitecto Municipal, de data 05/06/2025, sinala que:

"As carpinterías deberán manter as características esenciais das actuais, mantendo tipoloxía, material, despece e cor, para manter unha imaxe unitaria á edificación."

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8091 03.04.2025 PAULA POUSO SANLÉS, cimentación para muro en Xenxides, Oleiros.

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11588 20.05.2025 SARA SIXTO DOMÍNGUEZ, pintar fachada da vivenda sita na Avda. da Coruña, 86, Ribeira.

18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (10)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9923//13408 30.04.2025//05.06.2025 CRISTINA GONZÁLEZ MUÑÍZ, abrir oco para colocar portal no baixo, na rúa Falcoeiro, nº 3, baixo, Aguiño.

19.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA. PROMOTORA: MONTSERRAT CASCAIS SALGUEIRO. LUGAR: PEDRIÑA S/N, PALMEIRA, RIBEIRA.

VISTA a solicitude de licenza urbanística para licenza de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA**, no lugar de **PEDRIÑA S/N, PALMEIRA, RIBEIRA**, da que é promotora **Dna. MONTSERRAT CASCAIS SALGUEIRO**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de **día 28 de febreiro de 2025**, así como o **informe do técnico de administración xeral** de data **3 de marzo de 2025** e o informe do



secretario xeral da Corporación de data **4 de marzo de 2025**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO: - PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 44/24, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 21 de novembro de 2024 a Dña.Montserrat Cacaís Salgueiro, consistente en **Proxecto de Execución** correxido visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 21 de xaneiro de 2025 redactado polo Sr. José A. Gómez Domínguez.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO. - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de eficiencia enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50



metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.

- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO: - Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO. - Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas



obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO. - Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO. - O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO. - Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

20.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL (CORRECCIÓN DE ERROS) – Unión Fenosa Distribución, S.A.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 05/06/2025 e advertido erro na redacción do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á **corrección** do mesmo resultando o acordo tal como segue:

“**Visto** o escrito presentado por **Unión Fenosa Distribución, S.A.**, (Registro de entrada nº 202114091), no que solicita a devolución do aval depositado como garantía de obras de reposición de pavimentación polas obras realizadas en Urbanización Castiñeiras (Castiñeiras - Ribeira). Expediente 2020/COMU000142.

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 12/05/2025.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do aval depositado por **Unión Fenosa Distribución, S.A.** como garantía de obras de reposición de pavimentación polas obras realizadas en Urbanización



Castiñeiras (Castiñeiras - Ribeira). Expediente 2020/COMU000142, polo importe de **4.336,00 €**, así como de **8.130,00 €**."

21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Francisco Fernández Pérez

Visto o escrito presentado por **Francisco Fernández Pérez**, de data 06/06/2025 (Rexistro de entrada nº 13.549), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº **15074A017006790000KB, LG RÚA FIEITEIRA, RIBEIRA (A CORUÑA)**.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 09/06/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que o **INMUEBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A017006790000KB, LG RÚA FIEITEIRA, RIBEIRA (A CORUÑA)**, **non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística nesta Administración.**

22.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Roberto Costa Fernández

Visto o escrito presentado por **Roberto Costa Fernández**, de data 05/06/2025 (Rexistro de entrada nº 13.380), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº **15074A019007200000KE (LG FONTERRAMIL, Nº 14, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA (A CORUÑA))**.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 06/06/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que o **INMUEBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A019007200000KE (LG FONTERRAMIL, Nº 14, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA (A CORUÑA))** **non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística nesta Administración.**

23.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Miguel Ángel Vázquez Salgueiro

Visto o escrito presentado por **Miguel Ángel Vázquez Salgueiro**, de data 03/06/2025 (Rexistro de entrada nº 13.110), no que solicita certificación urbanística en relación aos inmoables con refª catastrais nº: **-0827414NH0102N0109UL, -0827414NH0102N0108JK, -0827414NH0102N009DN, -0827414NH0102N0090SQ**.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 05/06/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que os **INMUEBLES CON REFERENCIA CATASTRAL: -0827414NH0102N0109UL, -0827414NH0102N0108JK, -0827414NH0102N009DN, -0827414NH0102N0090SQ** non teñen pendentes ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración Municipal.

24.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Manuel Ruiz González

Visto o escrito presentado por **José Manuel Ruiz González**, de data 14/05/2025 (Rexistro de entrada nº 11.111), no que solicita certificación urbanística en relación a solicitude de **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE DIVISIÓN HORIZONTAL** para parcela con ref catastral **0812026NH0101S 0001QX**, SITO EN RÚA ROMERO ORTIZ, 70, Ribeira (A CORUÑA).

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 02/06/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

PRIMEIRO:- En relación á solicitude presentada por **D.JOSÉ MANUEL RUIZ GONZÁLEZ (DNI ***581***)** sobre **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE DIVISIÓN HORIZONTAL** para parcela con ref catastral **0812026NH0101S 0001QX**, SITO EN RÚA ROMERO ORTIZ, 70, Ribeira Ribeira **DECLARAR QUE NON É NECESARIO O OUTORGAMENTO DE LICENZA MUNICIPAL PARA EFECTUAR A DIVISIÓN HORIZONTAL**

SEGUNDO:- NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

25.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Cipriana Tomasa Lampón Vilas

Visto o escrito presentado por **Cipriana Tomasa Lampón Vilas**, de data 09/06/2025 (Rexistro de entrada nº 13.853), no que solicita certificación urbanística en relación ao inmovible con refª catastral nº **1029402NH0112N0001WS**, LG CAMIÑO CARAMECHEIRO, 1-15960, RIBEIRA (A CORUÑA).

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 09/06/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que o **INMUEBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 1029402NH0112N0001WS**, LG CAMIÑO CARAMECHEIRO, 1-15960, RIBEIRA (A CORUÑA), **non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística nesta Administración.**



26.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

5321 05.03.2025 JOSÉ RAMÓN SANTOS SANLÉS, primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar, na Travesía de Buenos Aires, Pozos, Corrubedo.

27.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

8917 14.04.2025 JUAN FRANCISCO LUSTRES GARCÍA, primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Sirves, nº 182, Oliveira.

28.- SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTOR: CIPRIANA CRUJEIRAS BAAMONDE (DNI *848***). LUGAR: RÚA DE TEIXOEIRA, Nº 22, ARTES, RIBEIRA**

VISTA a solicitude de licenza de segregación de parcelas, no lugar de Teixoeira, nº 22, Artes, Ribeira, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202400018975, o día 22 de xullo de 2024, por **Dna. Cipriana Crujeiras Baamonde**.

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **28 de febreiro de 2025**.

VISTO o informe do Secretario Xeral da Corporación (art 3 do RD 128/2018) de data **23 de maio de 2025**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL CONSOLIDADO**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que procede adoptar o seguinte acordo:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a Dna. Cipriana Crujeiras Baamonde licenza de segregación (Nº 2/25), no lugar de Teixoeira, nº 22, Artes, Ribeira, según **Proxecto de segregación, modificado**, de parcela redactado pola Arquitecta Dona María del Carmen Gago Fernández,



asinado dixitalmente o 22 de xaneiro de 2025, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202500001614, o día 22 de xaneiro de 2025.

A continuación inclúese un cadro de cumprimento da normativa indicada no PXOM para estas clasificacións de solo e o seu grado de cumprimento neste proxecto:

Parámetro	PXOM	Parcela Matriz	Parcela Segregada 1	Parcela Segregada 2
Parcela Mínima	200,00 m ²	733,25 m ² > 200,00 m ²	426,40 m ² ≥ 200,00 m ²	276,96 m ² ≥ 200,00 m ²
Fronte mínimo	8,00 m	46,95 m > 8,00 m	31,45 m > 8,00 m	15,50 m > 8,00 m
Ocupación máxima	50%	51,66 % ≥ 50% NON CUMPRE	49,00 % ≤ 50%	48,00 % ≤ 50%
Recuados	Teranse en conta os seguintes criterios: En áreas consolidadas: as que resultan coherentes cas aliñacións das edificacións existentes e do viario regularizado, buscando sempre que sexa posible unha aliñación paralela algún tramo do viario. -En áreas pouco consolidadas a fachada da edificación que de fronte ao viario ten que ser, necesariamente, paralela ao eixe do viario existente ou regularizado ou de nova apertura; cando o viario ao que de fronte sexa curvo, á corda que una os extremos da parcela no seu interior co borde do viario, e se aplicará a normativa viaria. Non obstante poderán autorizarse excepcionalmente distancias menores en áreas compactas cando ao aplicarse a normativa quedasen fora de aliñación edificacións existentes e se permita coma mínimo unha sección viaria de 5 metros. A edificación poderá ser exenta ou acaroada, permitíndose acaroar cando exista medianeira vista ou se se trata dun proxecto de edificación conxunta ou existise acordo entre lindantes. Nos outros casos o recuado a lindeiros debe ser coma mínimo de 3 metros.			
Edificabilidade máxima	1,25 m ² /m ²	0,65 m ² /m ² ≤ 1,25 m ² /m ²	0,46 m ² /m ² ≤ 1,25 m ² /m ²	0,82 m ² /m ² ≤ 1,25 m ² /m ²
Altura da	S + B+1+BC	B + 1	B	B + 1



edificación				
Altura máxima	6,50 m	Non se indica	Non se indica	Non se indica
Altura de Coroación	4,00 m	Non se indica	Non se indica	Non se indica
Peches de parcela	Só se permitirá o peche con elementos opacos de bo acabado, ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,0 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega poderá chegar aos 1,5 metros de altura máxima.	Indícase que existen peches tradicionais, deberá xustificarse	Indícase que existen peches tradicionais, deberá xustificarse. Xustifícase	Indícase que existen peches tradicionais, deberá xustificarse. Xustifícase
Construcións auxiliares	Autorízase unha por parcela. Unha soa planta e altura máxima de cornixa de 3 m, computándose edificabilidade e ocupación a partir de 30 m².	Indícase a existencia de 5 edificacións auxiliares na parcela. NON CUMPRE	Indícase a existencia dunha edificación auxiliar.	Indícase a existencia dunha edificación auxiliar.
Corpos voados pecha dos	Autorízanse como elementos exentos engadidos ao corpo principal, como galerías e miradoiros. Dimensións e características serán definidas nas condicións xerais da edificación, permitíndose a partir da primeira planta.	Non se indican	Non se indican	Non se indican
Cornisas e aleros	A dimensión máxima do saínte será de 0,30 m	Non se indican	Non se indican	Non se indican
Balcóns e terrazas	Non se permite sobresaír sobre corpos voados. No resto dos casos autorizaranse ata un máximo de 0,60 m, separación mínima a medianeiras da mesma lonxitude.	Non se indican	Non se indican	Non se indican

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.



- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

29.- SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTOR: JOSÉ MANUEL GARCIA SAMPEDRO. LUGAR: BRETAL, Nº 127, OLEIROS, OLEIROS, RIBEIRA

VISTO o escrito de **Don Jose Manuel Nieto Oliveira**, con NIF 33.255.861-T, en representación de Don Jose Manuel García Sampedro, polo que solicita **licenza para a segregación de parcela** no Lugar de Bretal Nº127, en Oleiros, en Ribeira (rexistro de entrada núm. 202300019439, o día 24 de agosto de 2023).

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **6 de maio de 2025**.

VISTO o informe do Secretario Xeral da Corporación (art 3 do RD 128/2018) de data **30 de maio de 2024**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a **Don Jose Manuel García Sampedro**, **licenza para a segregación de parcela (Nº3/25)** no Lugar de Bretal Nº127, en Oleiros, en Ribeira (rexistro de entrada núm. 202300019439, o día 24 de agosto de 2023), según **Modificación do proxecto de segregación**, e resposta ao requirimento, ao respecto da distancia da fronte das parcelas ao eixe da vía á que da fronte, e das discrepancias entre as superficies indicadas na sede do Catastro, nas escrituras de propiedade e a realidade medida na parcela; presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o día **5 de maio de 2025**, co número de rexistro 202500010295:

-Deberá adaptarse ás determinacións establecidas polo arquitecto municipal no seu informe de data 6 de maio de 2025.

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a



eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

ANEXO (INFORME TÉCNICO DO ARQUITECTO MUNICIPAL)

INFORME DE SEGREGACIÓN

Exp.: 2023 SEGR000012

Solicitante	GARCIA SAMPEDRO JOSE MANUEL
DNI/CIF	76.504.274-H
Situación	Lugar de Bretal Nº127, Oleiros, Ribeira
Rexistro de entrada/Data	202300019439 / 24 de agosto de 2023
Domicilio a Efectos de Notificación	Avenida da Coruña 18, 4ªA, Ribeira
Obras solicitadas	Segregación de parcela
Nº Expediente	2023/ SEGR000012
Ref. Catastral	15074A043000360000KK

Don Jose Manuel Nieto Oliveira, con NIF 33.255.861-T, en representación de Don Jose Manuel García Sampedro, solicitou licenza para a segregación de parcela no Lugar de Bretal Nº127, en Oleiros, en Ribeira, polo que

Informo,

1. ANTECEDENTES

Proxecto de segregación de parcela redactado polo Arquitecto Técnico Don Jose Manuel Nieto Oliveira, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202300019439, o día 24 de agosto de 2023.

Solicitud de licenza de segregación, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202300019439, o día 24 de agosto de 2023.



Xustificante de pago de taxas e ICIO, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202300019439, o día 24 de agosto de 2023.

Escritura de propiedade da parcela, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202300019439, o día 24 de agosto de 2023.

Xustificante de declaración catastral, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202300019439, o día 24 de agosto de 2023.

Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Diego Hermida Varela, do 1 de marzo de 2024, requirindo que:

- *Deberán de corrixirse os parámetros sinalados nas táboas de xustificación do apartado 06.04 deste informe.*
- *Deberase de incorporar proforma do documento público ou privado no que se reflicta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite.*
- *Deberá achegarse declaración responsable (ou certificado colexial), do técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.*
- *Con respecto da edificación existente na parcela de referencia, á vista do exposto con anterioridade, procede tramitar expediente de reposición da legalidade por non contar as obras realizadas do título habilitante de natureza urbanística que as ampara.*

Proforma de escritura de segregación de parcelas con CSV : 07E80014C82200K0J3U0C4T6N6, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202400018622, o día 17 de xullo de 2024.

Proxecto Modificado de segregación de parcela redactado polo Arquitecto Técnico Don Jose Manuel Nieto Oliveira, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202400018622, o día 17 de xullo de 2024.

Certificado de colexiación do técnico redactor do proxecto, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202400018622, o día 17 de xullo de 2024.

Proxecto Modificado de segregación de parcela redactado polo Arquitecto Técnico Don Jose Manuel Nieto Oliveira, asinado dixitalmente o día 11 de setembro de 2024, e presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202400022679, o día 11 de setembro de 2024.

Resposta ao requirimento, asinada polo promotor das obras, e presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o día 11 de abril de 2025, co número de rexistro 202500008879.

Modificación do proxecto de segregación, e resposta ao requirimento, ao respecto da distancia da fronte das parcelas ao eixe da vía á que da fronte, e das discrepancias entre as superficies indicadas na sede do Catastro, nas escrituras de propiedade e a realidade medida na parcela; presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o día 5 de maio de 2025, co número de rexistro 202500010295.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico a segregación dunha parcela en outras dúas parcelas para comprobar a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM

4. CONSIDERACIÓNS




4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude para a segregación dunha parcela en outras 2, situada no Lugar de Bretal Nº 127, na Parroquia de Oleiros, acompañada cun proxecto de segregación de parcela redactado polo Arquitecto Técnico Don Jose Manuel Nieto Olveira.

4.2. Normativa urbanística

Segundo o que se pode deducir da información incorporada no proxecto, a parcela que se pretende segregar, atópase clasificada urbanísticamente polo PXOM coma solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas (S.N.R.B), segundo o PXOM de Ribeira, no seu plano 8.38, de Clasificación e cualificación do solo en núcleos rurais (Bretal), a escala E:1/2000.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.c. da LSG, aos ámbitos dos núcleos rurais aplicáraselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.



Segundo os artigos 353 e 355 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, a solicitude de licenza de segregación deberá axuntar un proxecto de segregación subscrito por técnico competente, que incluírá:

- Memoria xustificativa, que comprenderá a finalidade ou o uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao planeamento urbanístico aplicable e ao réxime legal de formación de parcelas e fincas. **Inclúese.**
- Proforma do documento público ou privado en el que se reflecta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite. **Inclúese**
- Plano de situación da finca que se pretenda dividir, con indicación da súa referencia rexistral e catastral. Deberá incluírse das fincas orixinais cas referencias catastrais e rexistrais das mesmas e das colindantes. **Achégase**
- Plano parcelario da finca mencionada, a escala idónea e con base cartográfica topográfica, representativo dos lotes propostos. **Aporta.**
- Superposición do plano parcelario sobre un plano de cualificacións urbanísticas. Deberá aportar, ademais de aportar a superposición sobre o planeamento das parcelas orixinais, deberá aportar superposición das parcelas resultantes sobre o plano de cualificacións urbanísticas, incluíndo as correspondentes ás cesións obrigatorias. Aporta da parcela matriz, pero non das parcelas resultantes. **Aporta.**
- Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. Deberá incluír as fichas dos lotes resultantes, incluíndo as correspondentes ás cesións a sistemas urbanísticos. **Aporta.**



Un proxecto non require visado colexial segundo establece o RD1000/2010, se ben a persoa técnica deberá acreditar que ten a titulación habilitante para a redacción do proxecto, xa sexa coa copia da súa titulación ou cun certificado de colexiación. **Achégase**

Deberá presentar os documentos asinados dixitalmente. **Presenta asinados dixitalmente.**

A documentación aportada contén todos os documentos fixados pola normativa vixente.

A parcela non ten que realizar cesións, por estar situada a 6 metros do eixe da vía á que da fronte, que segundo o PXOM, é unha vía de tipo III, e polo tanto, as aliñacións se situarán a 6 m do eixe da mesma.

Indícase que a delimitación da parcela xa coincide ca aliñación do PXOM, e apórtase escritura de reparcelación na que se indica que a parcela conta cunha superficie de 3.838 m²; indícase que a parcela matriz conta cunha superficie medida de 3.845 m², e que catastralmente figura cunha superficie de 3.899 m²; deberá acreditarse adecuadamente, e facer as modificacións que correspondan, de ser o caso, no catastro e no rexistro da propiedade, de cara a poder acreditar a superficie real da parcela matriz, e calcular a cesión que corresponda, de ser o caso. No caso de que a superficie sexa a que se da por superficie medida, e a superficie rexistral se corresponda cos 3.838 m²; estaría incorporando 9 m² de superficie á súa parcela, en caso de que a superficie real da parcela sexan os 3.899 m² que constan na sede do catastro, resultaría unha cesión de 54 m²; que o peche da parcela coincida ca aliñación, non indica que a restante superficie este cedida formalmente. Deberá verificarse adecuadamente e xustificarse. **Xustifícase.**

Ademais, no plano G.04.1, defínese a distancia do peche/límite da parcela ao eixe da vía, de 6,00 metros, sen embargo, G.05.1 e G.06.1, defínese unha cota de 6,25 metros coincidente ca liña definida coma linde entre as dúas parcelas que se pretenden obter na segregación, o que implicaría que as parcelas estarían recuadas 25 cm da aliñación. Deberá revisarse esta cuestión e realizar as modificacións que se correspondan. **Modifícase e aclárase a discrepancia.**

5. CONCLUSIÓN

Polo tanto, á vista das consideracións expostas **infórmase en sentido favorable** a actuación de referencia.

6. OBSERVACIÓNS

Segundo o artigo 143.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, Unha vez presentado no concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

30.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a M^a LUZ OTERO CALLÓN, POLOS DANOS EN INMOBLE DA SÚA PROPIEDAD OCASIONADOS POLAS LABORES DOS OPERARIOS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2024 RESP000032.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a LUZ OTERO CALLÓN**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 02 de agosto de 2024, operarios municipais atopábanse na Rúa Rabelo, parroquia de Castiñeiras, do termo municipal de Ribeira, cando por mor das labores



que estaban a facer bateron contra a caixa dos rexistros dos contadores do subministro de auga e electricidade da vivenda sita no número 22 da citada rúa, propiedade de D^a M^a Luz Otero Callón.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 05/08/2024, co número 202400019862, D^a M^a Luz Otero Callón, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados na caixa dos rexistros dos contadores do subministro da auga e electricidade da súa vivenda, que cuantifica na contía total de 912,64 €.

Co seu escrito achega a seguinte documentación: datos do padrón do IBI en relación á súa vivenda; unha fotografía da caixa danada; unha fotografía do vehículo municipal á altura da súa vivenda na data do accidente; o orzamento da reparación dos danos, emitido na data 05/08/2024 pola entidade “Digar de Artes S.L.”.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 03/03/2025 pola Policía local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 04/04/2025 polo Capataz do departamento de obras do Concello de Ribeira.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións polas partes interesadas.

Non obstante, consta escrito de data 30/05/2025 remitido por Mapfre España, como entidade aseguradora do Concello de Ribeira, no que dispoñen que, conforme a documentación remitida, entenden que se acredita a responsabilidade e os danos reclamados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados



ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o/a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **ten lexitimación activa** para presentar a reclamación obxecto deste informe, ó ser a titular do ben que resultou danado.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, así como na infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, de conformidade co artigo 25.2 b) e d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos na caixa dos rexistros dos contadores do subministro da auga e da electricidade da vivenda sita no número 22 da Rúa Rabelo. Así se deduce do orzamento de reparación dos danos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento dun servizo público municipal.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local non tivo constancia do sucedido**, tal e como dispón no seu informe emitido na data 03/03/2025.
- **O capataz do servizo de obras públicas do Concello de Ribeira, en informe emitido na data 04/04/2025, deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos:**
 - *“(…) Que el servicio que se estaba prestando en esa fecha en la calle Rabelo no pertenece al departamento de medio ambiente, sino al departamento de obras públicas y mantenimiento de infraestructuras. Que en fecha 02/08/2024 nuestra máquina Energreen E3429BHR estaba operando en los Paramos, calle Rabelo, cuando se tuvo que apartar en una zona estrecha y colisionó con la tapa de contadores de la vivienda sita en el número 22 de la citada calle. Se adjuntan fotografías de la tapa que quedó rota y descuadrada, así como de la máquina municipal, sin que se tenga nada más que añadir al respecto.”*

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos na caixa dos rexistros da vivenda número 22 da Rúa Rabelo e o funcionamento do servizo público municipal. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada pola reclamante.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 04/06/2025, visto o informe emitido polo Interventor en funcións, Jorge González Mariño, de data 06/06/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a M^a LUZ OTERO CALLÓN, polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 912,64 €, que se abonará da forma seguinte: o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscriita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 762,64 €.



31.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. MANUEL PÉREZ MASCATO E DA ENTIDADE MAPFRE ESPAÑA S.A., POLOS DANOS OCASIONADOS Ó VEHÍCULO MATRÍCULA 7473HHN Ó BATER CUN SUMIDOIRO. EXPEDIENTE 2024 RESP000038.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ, en nome e representación de D. MANUEL PÉREZ MASCATO e da entidade MAPFRE ESPAÑA S.A.**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 27 de outubro de 2023, D. Manuel Pérez Mascato circulaba pola Rúa de Galicia, parroquia e municipio de Ribeira, no vehículo da súa propiedade marca WV TIGUAN, con placas de matrícula 7473 HHN, asegurado na compañía MAPFRE ESPAÑA S.A., cando, de súpeto, bateu cunha tapa dun sumidoiro, o que lle ocasionou diversos danos ó automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 08/04/2024, co número 202400008602, D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de D. Manuel Mascato Pérez e da entidade MAPFRE ESPAÑA S.A., COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados mais os xuros que legalmente procedan, reparación que cuantifica na contía total de 1.938,95 €, dos que solicita que 1.420,68 € se abonen a D. Manuel Pérez Mascato e os 518,27 restantes, á entidade aseguradora MAPFRE ESPAÑA, S.A. COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS.

Co seu escrito achega a seguinte documentación:

- Xustificante de aceptación de poder outorgado por Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros S.A..
- Parte de servicio número 8642 realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Autorización de representación outorgada por D. Manuel Pérez Mascato.
- Certificación de número de conta bancaria do Sr. Pérez Mascato.
- DNI, permiso de conducir e permiso de circulación do Sr. Pérez Mascato.
- Póliza de seguro do vehículo matrícula 7473HHN.
- Fotografías do automóbil danado.
- Informe pericial.
- Factura AC2301429 emitida na data 28/12/2023 por importe total de 518,27 €.
- Certificación de pago realizado a Automoción Barbanza S.L. referente á factura AC2301429.
- Factura AC2301412 emitida na data 22/12/2023 por importe total de 1.120,68.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido pola Policía local na data 08/03/2025.
- Parte de servizo número realizado pola Policía local.
- Informe de “Automoción Barbanza S.L., rexistrado de entrada na data 30/12/2024 co número 202400031424.



- Informe emitido pola entidade VIAQUA, rexistrado de entrada na data 08/03/2025 co número 202500005616.
- Certificado de empadramento do Sr. Pérez Mascato asinado na data 11/03/2025.
- Informe emitido na data 21/03/2025 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de escrito de alegacións por parte dos reclamantes, rexistrado de entrada na data 27/03/2025 co número 202500007247, e no que se reiteran na súa petición inicial e se informa que polos feitos polos que se reclama consta tramitación de reclamación xudicial, como Procedemento Abreviado 494/2024, seguido ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos.



(...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o/a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

O Sr. Pérez Mascato ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación, por ser o titular do vehículo danado, tal e como resulta acreditado pola documentación que consta no expediente, entre ela, o permiso de circulación do automóbil.

Así mesmo, **a entidade MAPFRE ESPAÑA S.A., COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido o custe de reparación de parte dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *"El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización."*

Actúan representados por D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, que acredita debidamente a súa representación.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo matrícula 7473HHN. Así se deduce das facturas de reparación dos danos que achegan os reclamantes.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de saneamento.**



Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local, que si tivo constancia do sucedido, emite informe na data 08/03/2025 no que dispón o seguinte:** *“Tivemos coñecemento dos feitos polos que se reclama. Achegamos copia do Parte de Servizo 8642, no cal nos ratificamos. O accidente tivo lugar na Rúa de Galicia, esquina Praza do Sol en dirección ascendente cara a Rúa Cristóbal Colón. Deste sinistro tívose coñecemento mediante unha chamada telefónica do condutor implicado, o cal manifesta que o accidente aconteceu ao pasar por riba dunha tapa do sumidoiro mal encaixada. Observamos á nosa chegada a dita tapa fora do seu sitio. Os danos observados no vehículo foron os danos externos que se reseñaron fotograficamente, descoñecendo se a mecánica do automóbil se veu afectada. O condutor marchou do lugar do accidente co seu vehículo. A Rúa de Galicia é unha rúa de Preferencia Peonil, na cal a circulación está permitida aos vehículos autorizados durante as 24 horas, entendendo por tales os residentes con garaxe e os autorizados expresamente, así como ás tarefas de carga e descarga dende as 08:00 horas ata as 12:00 horas e dende as 15:00 horas ás 18:00 horas e prohibida ao resto de condutores, agás o previsto para os vehículos prioritarios. A velocidade desta rúa é de 20 quilómetros por hora, a cal é a xenérica para as vías urbanas de plataforma única. No intre e lugar do accidente a iluminación era a habitual, non había luminarias fora de funcionamento. A tapa do sumidoiro era perfectamente visible, se ben un incorrecto asentamento podía pasar desapercibido para os condutores. Os axentes informantes non teñen indicios dun comportamento negligente por parte do condutor na produción do accidente, se ben á vista da súa procedencia desde a Rúa Romero Ortiz, de non ser residente con garaxe na Rúa de Galicia, incumpriu a prohibición establecida pola sinal de entrada prohibida R-101, pois non consta autorización expresa para o acceso á dita rúa.”*
- **A entidade VIAQUA en informe rexistrado de entrada na data 08/03/2205 co número 202500005616, dispón o seguinte:** *“(…) O mantemento do saneamento na Rúa de Galicia, efectivamente, corresponde a VIAQUA. Non existe perante o servizo municipal de augas reclamación sobre o mal estado ou deficiencias detectadas na devandita tapa. Tampouco se detectaron durante as tarefas rutinarias de inspección e comprobación das instalacións incidencias de ningún tipo, deste xeito concluese que o estado da mesma era o exeitado. VIAQUA non ten a capacidade de determinar de maneira certa as causas do sinistro. Dende VIAQUA non se levou a cabo ningunha actuación especial sobre a tapa referida mais alá das levadas a cabo como labores rutinarias de inspección e mantemento, posto que nas tarefas de esta indole realizadas con posterioridade no se atopou tampouco deficiencias na mesma (...).”*
- **A enxeñeira municipal en informe emitido na data 21/03/2025, afirma que** non tivo constancia do accidente polo que se reclama, precisando que, tanto a rúa onde sucedeu o accidente como o saneamento dela, son de titularidade municipal, pero que, mentres que a conservación e mantemento da rúa de Galicia son competencia do Concello de Ribeira, **o mantemento e conservación da rede de saneamento son competencia de VIAQUA, como entidade concesionaria dos servizos públicos de**



**abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira,
segundo contrato administrativo de data 30/07/2010.**

Dos informes referidos extraemos as seguintes conclusións:

- Que na data 27/10/2023 o Sr. Pérez Mascato circulaba co seu vehículo matrícula 7473HHN pola rúa de Galicia.
- Que na citada rúa de Galicia había unha tapa dun sumidoiro mal encaixada.
- Que ó pasar por riba da mesma a tapa bateu contra o vehículo propiedade do Sr. Mascato.
- Que non existe causa de forza maior.

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo matrícula 7473HHN e o funcionamento do servizo municipal. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Dito isto, non obstante, **tamén se observa a incidencia da conduta da propia vítima do dano na causalidade do mesmo, por canto é apreciable un incumprimento das normas de circulación por parte do reclamante.** Así se indica no informe emitido pola Policía local na data 08/03/2025, que establece que non consta autorización expresa de acceso á Rúa de Galicia por parte do reclamante, incumpríndose así o sinal de entrada prohibida R-101. Isto é, que o reclamante circulaba por unha rúa de preferencia peonil, sen ser vehículo autorizado para circular pola citada rúa, pois non é residente da Rúa de Galicia (segundo certificado de empadramento reside no número 6 do lugar do Caramcheiro), non tiña autorización expresa, non se trata dun vehículo prioritario e non estaba facendo labores de carga e descarga, sendo presumible entón, que de non terse incumplido o sinal de entrada prohibida por parte do Sr. Pérez Mascato, teríase evitado o pasar por riba da tapa do sumidoiro que non estaba ben encaixada.

Por esta circunstancia enténdese que ó reclamante lle corresponde asumir o 50% na responsabilidade da produción do dano, sendo esta a proporción na que a lesión antixurídica debe ser soportada polo seu propio patrimonio.

No que respecta á **contía da indemnización**, compre indicar que están xustificadas os gastos de reparación do automóbil coa emisión, pola entidade “Automoción Barbanza”, das facturas AC2301412 e AC2301429 por importes de 1.120,68 e 518,27 €, respectivamente, ó que hai que engadir os 300 € de franquicia fixa que ten o propietario do vehículo, tal e como consta no informe pericial de valoración dos danos realizado pola aseguradora do automóbil danado, e que consta no expediente administrativo. Así, a contía de reparación dos danos ascendería ó total de 1.938,95 €, dos que solicitan que 1.420,68 € sexan indemnizados ó Sr. Pérez Mascato (1.120,68 + 300), e os 518,27 € restantes a Mapfre España S.A., como entidade aseguradora do vehículo accidentado. Non obstante, e tendo en conta o referido neste informe en canto á proporción en que debe asumirse a responsabilidade por mor da inxerencia da conduta do reclamante na produción do dano, enténdese que a indemnización á que terían dereito as partes reclamantes sería a seguinte: 710,34 € a indemnizar ó Sr. Pérez Mascato, e 259,13 € a indemnizar a Mapfre España S.A.

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público correspondente ó abastecemento de auga potable e saneamento, cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se



presenta a reclamación polos danos antes referidos, xa que, aínda que o devandito servizo constitúe unha competencia inequívoca dos Entes Locais, tal e como se recolle nos artigos 25.2 c) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, conséntase que o mantemento do servizo, na data do accidente, competía á entidade VIAQUA Xestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U., con NIF A66141185, como entidade concesionaria do mesmo.

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Así mesmo, o contrato administrativo para a xestión, mediante concesión administrativa, dos servizos públicos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, asinado na data 30/07/2010 entre o Concello de Ribeira e a entidade VIAQUA, dispón na súa cláusula 23 que o concesionario terá como principais obrigacións as seguintes: *“(…) g) Indemnizar polos danos que se causen a terceiros polo normal ou anormal funcionamento dos servizos, a non ser que o dano sexa producido por causas imputables á Administración ou por forza maior”*. E a cláusula 46 do citado contrato dispón que o concesionario terá ao seu cargo as obras e instalacións municipais de abastecemento de auga potable e sumidoiro do Concello de Ribeira, sendo responsable do seu bo funcionamento e conservación.

En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse sobre o responsable do dano.

A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.



Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a Administración que, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contradictorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contradictorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia de D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de D. Manuel Pérez Mascato e da entidade Mapfre España S.A., deuse audiencia á entidade concesionaria VIAQUA mediante Decreto da Alcaldía de data 21/03/2025, que foi notificado na data 21/03/2025, segundo consta no acuse de notificación telemática, quen puido realizar, e de feito así o fixo, as alegacións que tivo oportunas, **polo que se entende que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, sendo por tanto que procede declarar a responsabilidade da entidade concesionaria, por desprenderse esta do actuado no expediente, de xeito que será aquela quen deberá asumir a indemnización do dano causado.**

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 04/06/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de D. Manuel Pérez Mascato e da entidade Mapfre España, S.A., polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlle o dereito a unha indemnización total de 969,47 € mais os xuros que legalmente procedan, dos que 710,34 € deberán abonarse ó Sr. Pérez Mascato, e a contía restante, isto é, 259,13 € á entidade aseguradora Mapfre España S.A.

Declarar a falta de lexitimación pasiva do Concello de Ribeira para atender ó pago da indemnización, e responsable da mesma á entidade que na data do accidente era a concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento VIAQUA, polo que será esta entidade a que deberá facer fronte á reparación dos danos ocasionados indemnizando ós reclamantes nas contías antes indicadas.

Todo isto de conformidade co exposto nos parágrafos precedentes, como responsable da prestación do citado servizo e en virtude da cláusula 23 do contrato administrativo antes referido.

32.- VAO PERMANENTE - María Jesús Pérez Veiga

Visto o escrito presentado por **María Jesús Pérez Veiga**, de data 05/06/2025 (Rexistro de entrada nº 13.433), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa do Forno (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 28/05/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a María Jesús Pérez Veiga**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (2,70 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na



Rúa do Forno (Palmeira), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela, según o sinalado no citado informe policial.

- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

33.- VAO PERMANENTE – The Logistic Box Premium

Queda pendente de informe emitido polo Departamento de Urbanismo no sentido de que se a licenza de actividade permite o estacionamento de vehículos no interior do local de referencia, os escritos presentados por Ana Outeiral Martínez en representación de **The Logistic Box Premium**, de datas 16/09/2024, 20/09/2024 e 02/06/2025 (Rexistros de entrada nº 23.014, 23.560 e 12.897), nos que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa García Bayón, nº 1 (Ribeira); así como o informe de data 16/09/2024 emitido pola Policía Local.

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN ACONDICIONAMENTO DE XARDÍN INTERIOR E CREACIÓN DE BIBLIOTECA NO CENTRO SOCIAL DE CARREIRA – Asociación veciñal, cultural e prestadora de servizos á mocidade de Carreira

Queda sobre a mesa pendente dun maior estudo o escrito presentado por María Ventura Sampedro Rego en representación da **Asociación veciñal, cultural e prestadora de servizos á mocidade de Carreira**, de data 03/06/2025 (Rexistro de entrada nº 13.087), no que comunica proposta para realizar unha iniciativa de participación veciñal, educativa e interxeracional no Centro Social de carreira, polo que solicita autorización para:

- Acondicionamento do xardín interior e apoio con materiais (Terra vexetal, compost...)
- Creación dunha biblioteca
- Instalación de conexión Wifi para o espazo da biblioteca
- Instalación de estanterías, mesas e cadeiras nas salas interiores
- Apertura das instalacións de luns a venres, en horario de 17:00 h. A 20:00 h. Para o desenvolvemento destas actividades

35.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO TEMPORAL DO CENTRO SOCIAL DE CORRUBEDO - ANPA Monte Tahume do CEIP de Olveira

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 06/06/2025, relativa á solicitude de cesión de uso temporal do Centro Social de Corrubedo, na que expón:

“



- *Recíbese petición presentada por Leire Blanco Rama, en nome de A.P.A. do Colexio de Olveira, de data 02/06/2025 sede electrónica 2025 12925, interesando dispor do Centro Social Cultural de Corrubedo para realizar o “Campamento de Verán”.*
- *Xunto a solicitude achega “Introdución; Xustificación; Destinatarios; Actividades e temporalización do programa”.*
- *Estes campamentos viñan celebrándose nas instalacións do colexio de Olveira, máis por mor de obras de mantemento e mellora neste centro, a asociación vese na obriga de buscar unha alternativa que permita satisfacer as necesidades dos beneficiarios, destacando a conciliación da vida familiar e laboral.*
- *Acompaña o Certificado de Seguro da Póliza de Responsabilidade Civil Xeral (núm. 28961018)*

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Interesados en apoiar iniciativas culturais e nesta ocasión que contribúen á facilitar a participación dos nenos/as en espazos máis próximos á súa parroquia, durante o seu período vacacional sen esquecer que supón unha ferramenta da conciliación da vida familiar e laboral.

Revisado a axenda de usos do Centro Social Cultural de Corrubedo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar o Uso Temporal do Centro Social Cultural de Corrubedo** á asociación ANPA MONTE TAHUME DO CEIP DE OLVEIRA para celebrar o “Campamento de Verán” no seguinte calendario:
 - ✓ Xullo e agosto de 2025.
 - ✓ Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas (agás días festivos).
- Comunicar á entidade beneficiaria das condicións de uso desta instalación, que
 1. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
 2. Deberá subscribir Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso do local.
 3. Comprométese o solicitante a deixar o local nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
 4. As condicións de uso e desenvolvemento de cada actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante.
 5. Calquera outro gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor, adornos).
 6. Na difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.culturaefestexos@ribeira.gal.

Na aceptación destas condicións e medidas, **deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade con anterioridade ao inicio da celebración do programa.**



36.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO TEMPORAL CASA DE CULTURA DE CASTIÑEIRAS - Asociación de Amas de Casa de Ribeira

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 09/06/2025, relativa á solicitude de cesión de uso temporal da Casa de Cultura de Castiñeiras, na que expón:

“

- *Recíbese petición presentada por Juana Ermitas Crujeiras Vidal, en nome de Asociación de Amas de Casa de Ribeira, de data 29/05/2025 sede electrónica 2025 12269, interesando realizar uns talleres creativos en inglés para nenos/as entre 4 e 10 anos de idade, para o que solicita dispor dunha instalación municipal indicando Casa de Cultura de Carreira, Aguiño ou Castiñeiras.*
- *Xunto a solicitude achega cartel informativo no que consta o nome da actividade, as materias que trata, idades dos destinatarios e temporalidade (xullo e agosto de luns a venres en Carreira e ata xoves en Castiñeiras horario de mañá).*
- *Consultado a axenda de reservas das instalacións anteditas, a disponibilidad actual que presentan é:*

Casa da Cultura de Aguiño. Está previsto trasladar as actividades que se realizan na Aula Municipal de Música de Aguiño por mor das obras de mellora.

Casa da Cultura de Carreira. Reservado a realización de actividades da AAVV de Carreira.

Casa da Cultura de Castiñeiras. Disponible de luns a xoves.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Interesados en apoiar iniciativas do tecido asociativo e nesta ocasión que contribúen á enriquecer a oferta lúdico-cultural destinado a nenos/as durante o seu período vacacional sen esquecer que supón unha ferramenta da conciliación da vida familiar e laboral.

Á vista da disponibilidad das instalacións municipais anteditas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- **Autorizar o Uso Temporal da Casa de Cultura de Castiñeiras** a asociación Amas de Casa de Ribeira para celebrar uns talleres creativos en inglés “Campus for Kids” no seguinte calendario:
 - ✓ Xullo e agosto de 2025.
 - ✓ Luns a xoves de 10.00 a 13.00 horas.
- **Comunicar** a entidade solicitante as condicións de uso desta instalación:
 1. A entidade organizadora será responsable de cumprir coa normativa en vigor referida á celebración de actividades na que participan menores de idade.
 2. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
 3. Deberá subscribir Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso do local.



4. Comprométese o solicitante a deixar o local nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
5. As condicións de uso e desenvolvemento de cada actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante.
6. Calquera outro gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor, adornos).
7. Na difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.culturaefestexos@ribeira.gal.

Na aceptación destas condicións e medidas, **deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade con anterioridade ao inicio da celebración do programa.**

37.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DUN ESPELLO DE TRÁFICO - Nelson Fernández Silvestre

Visto o escrito presentado por **Nelson Fernández Silvestre**, de data 02/05/2025 (Rexistro de entrada nº 10.170) no que solicita a instalación dun espello de tráfico na saída do garaxe do inmovible situado en Rúa Sálvora, nº 52 (Aguíño), por falta de visibilidade nas manobras de saída dos vehículos para incorporarse á estrada.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 03/06/2025, no que sinala:

“(…)
se **INFORMA**.

*Que trasladado al lugar arriba mencionado, y realizar una evaluación detallada de la zona y considerar los factores relevantes, tales como, **La Ordenanza de Circulación del concello de Ribeira en el artículo 14.3 de fecha 29 de septiembre del 2008, modificada el 2018 dice “sea cual sea la capacidad del garaje, si para acceder a él es necesario pasar por acera o calle peatonal es condición indispensable disponer de licencia municipal de vado permanente” Para ello debe solicitarse el vado permanente.***

*En caso afirmativo de la concesión del vado, cuando el espejo afecta a una coletividade determinada de usuarios, como el caso que nos ocupa, que sólo beneficia al usuario del garaje, **el importe de dicho espejo y mantenimiento es financiado por cuenta del usuario.***

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Non autorizar** a instalación dun espello de tráfico na saída do garaxe do inmovible situado en Rúa Sálvora, nº 52 (Aguíño), debido a que **a Ordenanza de Circulación do Concello de Ribeira no artigo 14.3, de data 29 de setembro do 2008, modificada o 2018 di “sexa cal sexa a capacidade do garaxe, se para acceder a el é necesario pasar pola beirarrúa o calle peonil é condición indispensable dispoñer de licenza municipal de vao permanente”**, segundo o contido do citado informe policial.
- Polo tanto, para poder autorizar a instalación dun espello de tráfico na saída do garaxe do inmovible situado en Rúa Sálvora, nº 52 (Aguíño), **previamente** deberá solicitar a preceptiva **licenza municipal de vao permanente**.



- Unha vez concedita dita licenza, deberá solicitar novamente a instalación dun espello de tráfico, advertíndolle que o importe de adquisición do espello así como o seu mantemento deberá ser financiado por conta do usuario.

38.- SOLICITUDE ACCESO A GARAXE LIBRE DE VEHÍCULOS ESTACIONADOS - Rosa Villa Seráns

Visto o escrito presentado por **Rosa Villa Seráns**, de data 29/05/2025 (Rexistro de entrada nº 12.328) no que solicita o acceso ao garaxe do inmovible situado en Rúa Vella (Palmeira), debido a que o acceso/saída se atopa habitualmente ocupada por vehículos estacionados.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 04/06/2025, no que sinala:

“(…)
se **INFORMA**.

*Que trasladado al lugar arriba mencionado, y realizar una evaluación detallada de la zona .Indicar que la calle esta señalizada con la señal R-101, entrada prohibida, excepto garajes, la cual la convierte en calle peatonal. Contabilizando los garajes aquí ubicados, arroja un resultado de 9, ninguno de ellos señalizados correctamente con la licencia de vado permanente, considerando los factores relevantes, tales como, **La Ordenanza de Circulación del concello de Ribeira en el artículo 14.3 de fecha 29 de septiembre del 2008, modificada el 2018 ,expone “sea cual sea la capacidad del garaje, si para acceder a él es necesario pasar por acera o calle peatonal es condición indispensable disponer de licencia municipal de vado permanente”***

*En conclusión, para implementar más medidas de Seguridad Vial, tales como, señales de tráfico de calle peatonal o el pintado de señalización horizontal, se **recomienda solicitar la correspondiente licencia de vado permanente, de obligado cumplimiento en la Ordenanza de Circulación.***

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Informar** á solicitante que tal e como se expón no citado informe policial a **Ordenanza de Circulación do Concello de Ribeira no artigo 14.3, de data 29 de setembro do 2008, modificada o 2018 di “sexa cal sexa a capacidade do garaxe, se para acceder a el é necesario pasar pola beirarrúa o calle peonil é condición indispensable dispoñer de licenza municipal de vao permanente”.**
- Polo tanto, para poder solventar o seus problemas de acceso/saída ao garaxe, **deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de vao permanente.**

39.- DACIÓN DE CONTA DAS ACTIVIDADES DO MES DE XUÑO 2025 PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe presentado pola Concelleira Delegada de Educación, Cruz Rivadulla Márquez, relativo ás actividades do mes de xuño do 2025 programadas polo Departamento de Educación do Concello de Ribeira.



40.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

VISTO o escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecimiento “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), de data 09/06/2025 (Rexistro de entrada nº 13.623), no que solicita permiso para evento musical no establecimiento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 14/06/2025, en horario de 21:00 h. a 01:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Verónica Elena Nogueira Carrera, para evento musical no establecimiento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 14/06/2025, en horario de **21:00 h. a 01:00 h.**

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Café Bar O da Rubia” (Ribeira) (Verónica Elena Nogueira Carrera), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo*



amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

41.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DE ACTO PRO DEREITOS HUMANOS E DEREITOS LGTBIQ+ - Amnistía Internacional Barbanza e Mulleres en Acción

Visto o escrito presentado por Iria Ortiz López en representación de **Amnistía Internacional Barbanza e Mulleres en Acción**, de data 07/06/2025 (Registro de entra nº 13.613), no que solicita autorización para a celebración dun acto pro dereitos humanos e dereitos LGTBIQ+, na Porta do Sol (Ribeira), ou se chovese nas instalación do Lustres Rivas, así como a colaboración municipal con megafonía e cadeiras pregables.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dun acto pro dereitos humanos e dereitos LGTBIQ+, na Porta do Sol (Ribeira), ou se chovese nas instalación do Lustres Rivas.
- Prestar a colaboración municipal con megafonía e cadeiras pregables.
- Dar traslado deste acordo á Policía Municipal e ao Departamento de Cultura para o seu coñecemento.



42.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE FESTA PRIVADA EN FINCA CON DJ - María Eugenia Montes Rodríguez

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **María Eugenia Montes Rodríguez**, de data 03/06/2025 (Rexistro de entrada nº 13.041), no que solicita autorización para a celebración dunha festa privada con Dj, na noite de San Xoán.

43.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO VERÁN NA PARROQUIA DE ARTES

Vista a proposta presentada polo Concelleiro delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 09/06/2025, relativa á autorización para a celebración das Festas do Verán na parroquia de Artes, e na que expón:

“Con data 09 de xuño de 2025, tivo entrada no Rexistro electrónico municipal (entrada sede electrónica 2025-13839) unha solicitude presentada por Manuel Reiriz Dios, en representación do Centro Recreativo de Artes, na que se interesa a autorización da celebración das Festas de Verán na parroquia de Artes, os días 20, 21 e 22 de xuño de 2025, nos exterior do Centro Recreativo de Artes e Corpus ó 15 de xuño de 2025.

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

1. **Autorización para celebrar as Festas de Verán 2025 de Artes, os días 20 ao 22 de xuño de 2025 así como a celebración da procesión pola vía pública o domingo 15 de xuño de 2025 con motivo do “Corpus”.**
2. **Vallas e sinais de prohibición de estacionamento así como presenza de Axentes da Policía Local, con maior incidencia o domingo da sardiñada-churrascada (22/xuño).**
3. **Disposición de 15 contenedores de residuos sólidos no campo da festa, así como limpeza dos camiños limítrofes para facilitar os aparcadoiros.**

A documentación achegada á área de Cultura e Festexos inclúe:

- Programación de actividades, Libro de mán e cartel anunciador.
- Relación de necesidades loxísticas.
- Declaración Responsable asinada na data 9/6/2025.

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á **Lei 10/2017, do 27 de decembro**, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o **Decreto 226/2022**, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.



- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública**, se corresponde.

4. Electricidade e xeradores

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar á **SGAE** ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.

8. Outras autorizacións

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria.

Colaboración municipal prevista

O Concello de Ribeira, dentro das súas posibilidades e dispoñibilidade de medios, comprométese a:

- Autorizar a celebración das Festas do Verán da parroquia de Artes (20 ao 22 de xuño de 2025) e celebración do acto relixioso (procesión) na vía pública o domingo 15 de xuño de 2025 con motivo do "Corpus".
- **Establecer un horario límite de actividade ata as 5:00 h** nas madrugadas do venres ao sábado e do sábado ao domingo.
- Prestar **apoio loxístico e operativo**, incluíndo:
 - **Reforzo de contedores e limpeza diaria.**
 - **Sinais de tráfico e valado temporal.**

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. Autorizar a celebración das Festas do Verán na parroquia de Artes, os **días 20, 21 e 22 de xuño de 2025** así como celebración do acto relixioso pola vía pública (procesión) o domingo 15 de xuño con motivo do "Corpus".
2. Establecer como **horario límite** das actividades as **5:00 h** da madrugada.
3. Prestar colaboración municipal en servizos de limpeza, contedores, sinais e valado, segundo dispoñibilidade.
4. Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
5. Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local** e **GAEM**.



44.- SOLICITUDE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS FEITA POLA PRODUTORA “MALGENIO, S.L.”, PARA A RODAXE DUN “SPOT PUBLICITARIO”

Visto o expediente de referencia a tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

D. Andrés Nadal Vargas, en representación da empresa MALGENIO, S.L., presenta escrito de data 02/06/2025, con número de rexistro de entrada municipal 12.825, solicitando:

LA PRODUCTORA MALGENIO, S.L. ESTÁ PREPARANDO EL RODAJE DEL SPOT PUBLICITARIO “SOLO” PARA EL CLIENTE FRINSA, DICHA PRODUCCIÓN SE LLEVARÁ A CABO EN DISTINTOS PUNTOS DEL CONCELLO DE RIBEIRA ENTRE EL 16 Y EL 20 DE JUNIO, SI LAS CONDICIONES METEOROLÓGICAS LO PERMITEN. CON ESTE FIN QUEREMOS SOLICITARLES LOS PERMISOS PERTINENTES PARA REALIZAR ESTE RODAJE EN:

COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL A FIEITEIRA

- PISCINA
- PISTA DE ATLETISMO
- PISTA INDOOR SALTO DE LONGITUD

EL CALENDARIO DE GRABACIÓN SE EXTENDERÁ 4-5 DÍAS EN FUNCIÓN DEL PLAN DE RODAJE EN EL QUE ESTAMOS TRABAJANDO Y COMO MENCIONAMOS DEPENDEMOS EN GRAN MEDIDA DEL PRONÓSTICO DEL TIEMPO QUE TENGAMOS DURANTE ESTA SEMANA YA QUE RODAREMOS SECUENCIAS EXTERIORES DE SURF, ESCALADA Y MOUNTAIN BIKE POR LO QUE NECESITAMOS QUE SE ACERQUE LA FECHA PARA DEFINIR EL DÍA EXACTO EN EL QUE ENTRAREMOS EN A FIEITEIRA YA QUE ES CONSIDERADA LOCALIZACIÓN “COVER”, ES DECIR QUE RODARÍAMOS ALLÍ EN CASO DE QUE HICIERA MAL TIEMPO UNO DE ESTOS DÍAS.

PISCINA:

FECHA DE RODAJE: UN DÍA ENTRE EL 16 Y EL 20 DE JUNIO.

HORARIO: SEGÚN LO HABLADO CON LOS TÉCNICOS DEL CENTRO LA MEJOR HORA PARA OCUPAR LA PISCINA SERÍA ENTRE LAS 13H Y 18H. REALIZARÍAMOS EL MONTAJE 2 HORAS ANTES DEL LA GRABACIÓN CONVIVIENDO CON LOS USUARIOS DE LA PISCINA PARA LUEGO CERRAR ENTRE LAS 13:00 Y LAS 18:00.

EL RODAJE CONSISTIRÁ EN LA GRABACIÓN DE UN NADADOR CON CÁMARA SUBACUÁTICA Y DRON. PODREMOS DARLES MÁS DETALLES DESPUÉS DE LA VISITA TÉCNICA QUE REALIZAREMOS LA SEMANA DEL 09 DE JUNIO PARA DEFINIR CON EXACTITUD TODOS LOS ASPECTOS TÉCNICOS DEL RODAJE.

SOLICITAMOS UN ESPACIO EN EL COMPLEJO PARA REALIZAR LOS PROCESOS A NUESTROS TALENTOS (VESTUARIO Y MAQUILLAJE).

PISTAS INDOOR/ OUTDOOR

FECHA DE RODAJE: UN DÍA ENTRE EL 16 Y EL 20 DE JUNIO.

HORARIO: ESTA DECISIÓN SE TOMARÁ LA SEMANA ANTERIOR AL RODAJE DURANTE LA LOCALIZACIÓN TÉCNICA. SE ESTUDIARÁ SI SE HARÁ ANTES O DESPUÉS DE LA PISCINA.

EL RODAJE CONSISTIRÁ EN LA GRABACIÓN DE ATLETAS CORRIENDO EN PISTA. SEGWAY, ESTABILIZADOR, DRON... PODREMOS DARLES MÁS DETALLES DESPUÉS DE LA VISITA TÉCNICA QUE REALIZAREMOS LA SEMANA DEL 09 DE JUNIO PARA DEFINIR CON EXACTITUD TODOS LOS ASPECTOS TÉCNICOS DEL RODAJE.


SOLICITAMOS UN ESPACIO EN EL COMPLEJO PARA REALIZAR LOS PROCESOS A NUESTROS TALENTOS (VESTUARIO Y MAQUILLAJE).



RESERVA DE ESTACIONAMIENTO

FECHA DE RESERVA: UN DÍA ENTRE EL 16 Y EL 20 DE JUNIO.

HORARIO: SOLICITAMOS UNA RESERVA DE ESPACIO DE ESTACIONAMIENTO PARA LOS VEHÍCULOS DE RODAJE. REALIZAR CARGA Y DESCARGA DEL MATERIAL DE LOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS.



Visto o informe emitido ao respecto polo Técnico de Actividades Deportivas, de data 10/06/2025, no que sinala:

“INFORME:

1. Nas ordenanzas municipais, non se atopa apartado algún que regule a reserva destas instalacións para este tipo de actividades non deportivas.
2. Puntualizar que os representantes da produtora din que falaron cos técnicos para coordinar os mellores días e horarios que se poderían utilizar en caso de acceder ao solicitado, dicindo: *“SEGÚN LO HABLADO CON LOS TÉCNICOS DEL CENTRO LA MEJOR HORA PARA OCUPAR LA PISCINA SERÍA ENTRE LAS 13H Y 18H.”*, pero os solicitantes, obvian que antes de chegar a esta determinación, **os técnicos lle informaron que:**
 - a. Primeiro, era mellor facer isto en fin de semana (non o mencionan).
 - b. Logo, de non ser posible facelo en fin de semana, o seguinte sería intentar que fose en venres no horario solicitado, entre as 13 e 18 horas (tampouco o mencionan).
 - c. En ningún caso, os técnicos abriron a posibilidade de facer esta actividade de luns a xoves.
 - d. O que si se lles dixo, é que tomar esta decisión correspondía á Xunta de Goberno Local e que o único que farían os técnicos sería informar.
3. A piscina municipal “María Vilas”, abre todos os días de 7.00 a 23.00 horas, de luns a venres, polo que en caso de acceder ao solicitado, implicaría ter que pechar a piscina municipal ao público durante o período de cesión, incluso ter que suspender actividades programadas (cursos de natación nenos e actividades do Club de Natación).
4. Non mencionan horarios de utilización das outras dependencias (pista de atletismo e módulo cuberto), que tamén teñen uso regular por parte dos **usuarios, clubs e Ana Peleteiro**.



5. Tamén solicitan a reserva de aparcamento, fronte ao Complexo Deportivo A Fieiteira para facer carga e descarga do material necesario. **Este apartado debería ser informado pola policía local."**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a cesión de uso das instalacións deportivas municipais de A Fieiteira á produtora "Malgenio, S.L.", para a rodaxe dun "spot publicitario", **o día 18/06/2025, en horario de 13:00h. A 17:00 h.**
- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Deportes para que realice as xestións oportunas para o desenvolvemento desta actividade.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

45.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN ESTACIONAMIENTO TEMPORAL DE VEHÍCULOS DE PROBA DA FEIRA DO AUTOMÓBIL - Asociación de Empresarios de Ribeira.

Visto o escrito presentado por Francico Manuel Martínez Gude en representación da **Asociación de Empresarios de Ribeira**, de data 10/06/2025 (Rexistro de entrada nº 14.092), no que solicita autorización para o estacionamento de vehículos de proba na Rúa Mendiño (Ribeira), co motivo da celebración da Feira do automóbil os día 20 a 22/06/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar o estacionamento de vehículos de proba na Rúa Mendiño (Ribeira), co motivo da celebración da Feira do automóbil os día 20 a 22/06/2025.
- Os citados vehículos non poderán en ningún momento bloquear a circulación doutros vehículos nin peóns, así como a entrada/saída de garaxes.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

46.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Lucía Petrovich Costa

Visto o escrito presentado por **Lucía Petrovich Costa**, de data 11/06/2025 (Rexistro de entrada nº 14.173), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira ("Caseta Penalti" – 2,30 m.), o día 14/06/2025, no exterior das instalacións deportivas de A Fieiteira (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a instalación dunha atracción de feira ("Caseta Penalti" – 2,30 m.), o día 14/06/2025, no exterior das instalacións deportivas de A Fieiteira (Ribeira).
- **Antes do inicio da actividade deberá aportar correspondente documentación obrigada e actualizada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.**
- **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes do inicio da actividade.**



- No momento de instalar a citada atracción de feira deberá estar en posesión da correspondente documentación obrigada e actualizada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.
- **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- **A/O solicitante farase responsable da limpeza viaria do seu espazo mentres esté instalado o posto.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

47.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Noelia Petrovich Zapata

Visto o escrito presentado por **Noelia Petrovich Zapata**, de data 11/06/2025 (Rexistro de entrada nº 14.235), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Pizza), o día 14/06/2025, no exterior das instalacións deportivas de A Fieiteira (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Noelia Petrovich Zapata** para a instalación dun posto de venda ambulante (Pizza), o día 14/06/2025, no exterior das instalacións deportivas de A Fieiteira (Ribeira).
- Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes do inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- A/O solicitante farase responsable da limpeza viaria do seu espazo mentres esté instalado o posto.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

48.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Lucas Petrovich Zapata

Visto o escrito presentado por **Lucas Petrovich Zapata**, de data 11/06/2025 (Rexistro de entrada nº 14.234), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas – 3,00 m.), o día 14/06/2025, no exterior das instalacións deportivas de A Fieiteira (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- a) **Autorizar** a **Lucas Petrovich Zapata** para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas – 3,00 m.), o día 14/06/2025, no exterior das instalacións deportivas de A Fieiteira (Ribeira).
- b) **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes do inicio da actividade.**
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- e) **A/O solicitante farase responsable da limpeza viaria do seu espazo mentres esté instalado o posto.**
- f) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

49.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Akram Muhammed

Visto o escrito presentado por **Akram Muhammed**, de data 11/06/2025 (Rexistro de entrada nº 14.187), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante, o día 14/06/2025, no exterior das instalacións deportivas de A Fieiteira (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a **Akram Muhammed** para a instalación dun posto de venda ambulante, o día 14/06/2025, no exterior das instalacións deportivas de A Fieiteira (Ribeira).
- b) **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes do inicio da actividade.**
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- e) **A/O solicitante farase responsable da limpeza viaria do seu espazo mentres esté instalado o posto.**
- f) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:25 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

